


## A patronal AEC volve á mesa de negociación

# A patronal **AEC** volve á mesa de negociación




### Convenio TIC

Nosa proposta baséase en 5 eixos:

1. Novo sistema de clasificación profesional.
2. Proposta dunha xornada anual de 1.742 h.
3. Táboas salariais actualizadas.
4. Regulación da subcontratación.
5. Regulación do teletraballo.

 [tic@servicios.ccoo.es](mailto:tic@servicios.ccoo.es)

 [www.ccoo-servicios.es/tic/](http://www.ccoo-servicios.es/tic/)

 [www.ccoo.es/Afiliate](http://www.ccoo.es/Afiliate)



A concentración do 12 de maio ás portas da Asociación de Empresas de Consultoría (AEC) e a campaña nos medios deron os seus froitos e a patronal comunícanos a súa intención de retomar as negociacións do convenio, fixando como próxima data de reunión o día 30 de maio.

Este é un primeiro paso, pero aínda hai camiño por percorrer. O seguinte, que retiren as súas propostas e se abran a negociar unhas condicións dignas para os seus cadros de persoal.

Entrementres, seguiremos co calendario de mobilizacións planificadas, polo que o día 26 de maio, os delegados e as delegadas sairemos á rúa para esixir que desistan nas súas formulacións inaceptables e senten a negociar un convenio xusto e que reflecta a realidade do sector.

Non é de recibo que desde as empresas pretendan dar unha imaxe de modernidade e conciliación negociando os plans de igualdade mentres, escudados na patronal do sector, propoñen medidas que botan por terra todo o traballo feito pola conciliación da vida persoal e laboral.

Necesitamos un convenio que acabe co uso de sistemas de clasificación internos ou táboas salariais «secretas» e pouco transparentes, é dicir, que recolla unha clasificación e remuneración ben definidas que garantan o mantemento do poder adquisitivo do persoal.

Lembra que podes continuar contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas darlle máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

**CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)**